

## A MIÑA LINGUA É

A miña lingua é como un bebé que arrola no seu berce  
e mouméolle palabras fermosas:

*bolboreta, amorodo, saudade, morriña...*

A miña lingua é como un neno pequeno, traste, pero doce  
que comeza a falar:

*auga, sorriso, nai, xouba...*

e tenta comezar a camiñar, a ser libre.

A miña lingua é como un demo adolescente complicado ás veces,  
pero aínda así quéroa:

*alcatrán, abofé, trasno, gravata...*

A miña lingua é como un adulto que se desenvolve  
por si mesmo:

*mercar, emprego, cartos...*

A miña lingua é como unha velliña encurvada que lle dá  
doces aos seus netos cando a veñen ver:

*feira, igrexa, mestura, carballo...*

A miña lingua somos todos,  
dende o máis vello  
ata o mais cativo, porque a lingua  
non é cousa de idade,  
é cousa de sentimento.

CARLOTA CASAL (1992 - )